


con 38 delegados e delegadas electos, sitúase un 22,5% por riba da segunda forza.

## A CIG-Ensino revalida a súa posición como primeira forza sindical no sistema universitario galego

Desde o sindicato agradecemos a confianza dada maioritariamente polo persoal docente e investigador das tres universidades galegas e comprometémonos a traballar por revertir os recortes e a precariedade deste colectivo.



A CIG-Ensino vén de revalidar a súa condición de central maioritaria no conxunto das tres universidades galegas após a celebración onte das eleccións sindicais. Dun total de 208 persoas que conformaban a súa candidatura foron elixidos **38 delegados e delegadas, 13 da categoría de PDI (persoal docente e investigador) funcionario e 25 laborais**. Con respecto á seguinte organización sindical, CCOO, obtivo **case unha cuarta parte máis de representantes electos**.

Por universidades, a CIG-Ensino conseguiu **14 delegados e delegadas na USC**, distribuídos do seguinte xeito: 5 entre o PDI funcionario, 7 entre o PDI laboral do campus de Santiago e 2 entre os/as laborais do campus de Lugo. Pola súa banda, **na Universidade de Vigo** a CIG renova a súa condición de sindicato máis votado, sendo **13 os representantes electos**, neste caso repartidos

entre 5 do colectivo de PDI funcionario, outros 5 entre o PDI laboral dos campus de Vigo e de Pontevedra e 3 laborais do campus de Ourense. Por último, na **Universidade da Coruña** os resultados tamén foron moi positivos ao obter **11 delegados e delegadas** dun total de 38 que se elixían. Neste caso 3 corresponden a PDI funcionario e 8 a PDI laboral, colectivo este último no que por vez primeira a CIG gaña as eleccións sindicais na institución herculina.

### PDI con dereitos e sen precariedade

Con este lema a CIG-Ensino concorreu a estes comicios co obxectivo de **recuperar o 13% do poder adquisitivo perdido** polo PDI das universidades galegas desde o ano 2010, así como o **pago completo das pagas extras** nos conceptos dependentes do Estado (salario base e trienios) e o complemento específico nas pagas extras recurtado

polo goberno Feijóo durante os anos 2013-2016. Pero ademais de intentar revertir os efectos perniciosos que tiveron os recortes no salario do profesorado e do persoal investigador, o sindicato incorporaba no seu programa outro eixe fundamental: **a reposición de efectivos**, lastrada polas taxas de reposición aprobadas polos gobernos de PSOE e PP en Madrid e que contaron co beneplácito dos sindicatos estatais (CCOO, UGT e CSIF). A imposibilidade de renovar e de incorporar novos activos nestes últimos anos levou a que o cadro de persoal das universidades galegas sexa dos máis envellecidos de todo o Estado e frustrou a carreira profesional de miles de persoas que ou ben abandonaron as súas aspiracións na Universidade ou ben emigraron fóra de Galiza para poder seguir desenvolvendo o seu traballo como docentes ou investigadores/as.

Outros aspectos que complementaban o programa tiñan que ver coa reclamación da **extensión do dereito á xubilación anticipada aos 60 anos de idade para todo o PDI**, tamén para o que se incorporou á función pública despois de 2011, que

se viu privado desta posibilidade tras a reforma das pensións pactada polo goberno de Zapatero con CCOO e UG, así como a **elaboración dun catálogo de enfermidades profesionais** e outras cuestións básicas no terreo da saúde laboral e medidas efectivas para a **conciliación laboral e familiar** e para a **promoción do noso idioma**.

### Agradecementos

A CIG-Ensino quere agradecer unha vez máis a confianza depositada polo profesorado e polo persoal investigador das tres universidades galegas e comprométese a seguir traballando para que exista unha verdadeira negociación tanto na Mesa Xeral do Ministerio como no ámbito galego que permita abordar os principais retos e problemas dunha institución básica para o noso País.

Así mesmo, será o garante da defensa dun sistema universitario galego público fronte á pretensión de implantar unha universidade privada en Galiza que parece que conta co aval da propia Xunta.

## Resultados do escrutinio final nas tres universidades

USC	CIG	CCOO	UGT	CSIF	TOTAL
PDI FUNC	5	7	4	7	23
PDI LAB SANTIAGO	7	4	4	8	23
PDI LAB LUGO	2	2	3	2	9
<b>TOTAL</b>	<b>14</b>	<b>13</b>	<b>11</b>	<b>17</b>	<b>55</b>

UDC	CIG	CCOO	UGT	CSIF	TOTAL
PDI FUNC	3	4	3	7	17
PDI LAB	8	4	3	6	21
<b>TOTAL</b>	<b>11</b>	<b>8</b>	<b>6</b>	<b>13</b>	<b>38</b>

UVIGO	CIG	CCOO	UGT	AGPTU	ASOCIADOS	TOTAL
PDI FUNC	5	4	6	6		21
PDI LAB VIGO	5	4	3		5	17
PDI LAB OURENSE	3	2	2		2	9
<b>TOTAL</b>	<b>13</b>	<b>10</b>	<b>11</b>	<b>6</b>	<b>7</b>	<b>47</b>

UNIVERSIDADES GALEGAS	CIG	CCOO	UGT	CSIF	AGPTU	ASOCIADOS UVIGO
<b>TOTAL PDI FUNC</b>	13	15	13	14	6	
<b>TOTAL PDI LAB</b>	25	16	15	16		7
<b>TOTAL PDI</b>	<b>38</b>	<b>31</b>	<b>28</b>	<b>30</b>	<b>7</b>	<b>7</b>

